

# Plan estratéxico 2020-2023

18/10/2019

Plan estratéxico 2020-2023  
Para a consideración da Xunta Directiva

Federación AUTISMO GALICIA



**SEDE SOCIAL**  
Rúa Home Santo de Bonaval, 74

**CENTRO DE RECURSOS**  
Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

[Info@autismogalicia.org](mailto:Info@autismogalicia.org)  
[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

[@AutismoGalicia](#)



[@federacion.autismo.galicia](#)



**CG**  
autismoGALICIA

## ÍNDICE

<b>PRESENTACIÓN</b>	4
<b>01 DESDE ONDE DESEÑAMOS O FUTURO?</b>	5
Para que existe FAG? A misión	5
Desde que convencemento fai as cousas FAG? Os valores	6
<b>02 QUE FUTURO QUERE PROVOCAR AUTISMO GALICIA?</b>	7
Onde se quere chegar no 2023? A visión	7
<b>03 COMO O IMOS LOGRAR?</b>	8
Liña estratéxica 01	10
Liña estratéxica 02	11
Liña estratéxica 03	12
Liña estratéxica 04	14
<b>05 QUE TEREMOS EN CONTA AO EXECUTAR O PLAN?</b>	16
Factores de risco	16
Seguimento e avaliación	17

## PRESENTACIÓN

A Federación Autismo Galicia (FAG) desenvolveu entre febreiro e outubro de 2019 un proceso participado de reflexión estratégica no que se involucraron 14 das 15 entidades federadas. Con distintos graos de implicación, colaboraron no proceso un total de 25 persoas distintas.

**Como resultado de este esforzo de reflexión colectiva e colaborativa emerxeu o Plan Estratéxico da Federación Autismo Galicia 2020-2023<sup>(1)</sup> do cal o presente documento da conta dos seus resultados principais.**

Este enriquecedor proceso achegou, ademais do resultado final tanxibilizado neste documento, motivos e espazos para o encontro e debate entre diversas instancias federativas (Xunta directiva, entidades federadas, equipos específicos creados para este proceso, Equipo técnico da FAG...). Este achegamento entre persoas e entidades queda no haber da contribución convxunta tan xenerosamente realizada por un propósito común: deseñar o futuro a provocar e pautar o camiño inmediato a compartir.

O Plan estratéxico 20-23 non supón un cambio substancial na estratexia desenvolta pola FAG nos últimos anos, pero si unha toma de conciencia colectiva do futuro compartido, das accións acordadas para facelo realidade, así como unha evolución nos enfoques do desenvolvemento do traballo que se realiza convxuntamente.

As persoas más directamente implicadas no desenvolvemento da reflexión estratéxica referiron os seguintes elementos como retos e evolucións a incorporar na cultura federativa:

- A FAG ten como clientes principais as entidades membro da Federación, e como beneficiarias<sup>(2)</sup> finais ás persoas con TEA e as súas familias. A contribución de valor ás beneficiarias realizaase a través da prestación de servizos de cada unha das entidades federadas nos seus respectivos ámbitos xeográficos de implantación.

Ademais disto, hai actividades que aportan valor a estas beneficiarias finais que soamente poden achegar as entidades locais traballando de forma convxunta no ámbito federativo. A Federación non é soamente, polo tanto, unha superestrutura que desenvolve actividades propias para responder aos intereses das súas entidades federadas, senón que é tamén, e sobre todo para as súas entidades membro, unha forma de articular nun proxecto compartido con entidades irmás o desenvolvemento propio da misión de cada unha delas.

- A razón principal de pertenza e vinculación das entidades federadas á FAG non é a defensa dunha particular posición no sistema de entidades prestadoras de servizos de accións social en Galicia, senón que o vínculo principal vai ligado a unha forma de entender o aporte de valor ao colectivo beneficiario da acción das entidades federadas, isto é, á defensa dunha prestación de servizos específicos e especializados para persoas con TEA e as súas familias.

Calquera entidade que loita de forma efectiva pola defensa desta forma de entender a intervención é benvida na FAG.

<sup>1</sup> A partir deste momento nomearemos o Plan Estratéxico da Federación Autismo Galicia 2020-2023 de múltiples formas, todas equivalentes: Plan estratéxico, PE da FAG, Plan 20-23... Con estas denominacións referímonos sempre ao mesmo documento, o presente.

<sup>2</sup> Utilizamos no documento o xénero feminino para referirnos a todas as persoas, xa sexan mulleres ou varóns. Neste caso, "beneficiarias" equivale a "persoas beneficiarias".

- O acompañamento que as profesionais das entidades federadas e da propia FAG ofrecen ás persoas con TEA e as súa familias desenvólvese sempre dende unha perspectiva de dereitos. As persoas pertencentes a este colectivo son consideradas como ciudadáns activos que achegan valor social, ao mesmo que se abren a recibir o coidado da cidadanía para a satisfacción das súas necesidades específicas.

As persoas con TEA e as súas familias realizan unha significativa contribución social positiva e precisan do apoio de toda a cidadanía para a satisfacción das súas necesidades.

- A FAG quere sumarse, desde o seu ámbito propio e específico de contribución, á articulación do territorio de Galicia e ao desenvolvemento dunha igualdade de oportunidades efectiva para toda a cidadanía, independentemente do seu lugar de residencia.

Superar a brecha de desigualdade de oportunidades entre medio urbano e medio rural, así como o desequilibrio de recursos entre as provincias atlánticas e as do interior, é un reto ao que a FAG, no que respecta á accesibilidade a servizos específicos e especializados, quere fazer chegar o seu compromiso efectivo.

- O valor social que a FAG e as súas entidades membro achega á cidadanía de Galicia no seu conxunto, e ao colectivo das persoas con TEA e as súas familias, precisa dunha estrutura sólida de recursos económicos e financeiros.

Este Plan estratéxico pretende responder ao reto da substentabilidade do sistema creado de apoios e recursos para as persoas con TEA e as súas familias, así como traballar para o seu máis pleno desenvolvemento. Para iso pretende explorar e rendibilizar novas formas de financiamento para o sostento da estrutura e servizos, xa sexa captando recursos en novos espazos, como xerando recursos propios con actividades económicas rendibles.

**Estes aspectos, brevemente expostos nesta presentación, están presentes na redacción deste Plan estratéxico, tanto na súa formulación más identitaria (misión e valores), como más vinculada ao operativo (obxectivos e accións estratéxicas).**

## 01 DESDE ONDE DESEÑAMOS O FUTURO?

Deseñamos o futuro desde o que somos, desde a nosa identidade. Esta é a perspectiva desde a que analizamos a contorna e deseñamos o noso posicionamento futuro.

A nosa identidade está recollida na nosa misión e formulación de principios e valores.

### Para que existe FAG? A misión

A resposta a esta pregunta recóllese na formulación da misión da Federación, que é esta:

**A Federación AUTISMO GALICIA contribúe a defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.**

## Desde que convencemento fai as cousas FAG? Os valores

A expresión da identidade de FAG non se acaba na formulación da misión, senón que inclúe outros referentes. Entre outros, a Federación dispón dunha declaración de valores que guía a actuación da organización como institución e a conduta das persoas que a forman.

Na formulación dos valores están recollidos o conxunto de conviccións profundas e opcións fundamentais que manifestan a identidade de FAG, e que xeran unha cultura institucional propia e diferenciada.

Na realización da súa actividade, a organización actúa e as persoas condúcense coherenteamente cos seguintes valores:

### Valores éticos

AUTISMO GALICIA desenvolve a súa actividade e persegue os seus propósitos en coherencia cos seguintes referentes:

- **As persoas con TEA son cidadáns activas, suxeitas de pleno dereito.**
- **AUTISMO GALICIA enfoca o seu traballo para a provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares dende unha perspectiva de dereitos.**
- **AUTISMO GALICIA é unha federación solidaria que promove este valor entre as persoas e organizacións que inflúen na vida das persoas con TEA e os seus familiares.**
- **AUTISMO GALICIA condúcese nas súas decisións en coherencia cos referentes éticos propios e os que asume das asociacións nas que participa activamente.**

### Valores de xestión

AUTISMO GALICIA promove e condúcese na súa xestión atendendo aos seguintes referentes:

- **Autorrepresentación das persoas con TEA.**
- **Participación de persoas e entidades**
- **Especificidade e especialización na provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares.**
- **Transparencia.**
- **Cohesión asociativa.**

## 02 QUE FUTURO QUERE PROVOCAR AUTISMO GALICIA?

### Onde se quere chegar no 2023? A visión

Denominaremos visión á descripción da situación desexada despois de catro anos de esforzos de despregamento estratégico.

Esta será o referente, o punto de chegada, o posicionamento a alcanzar que suma o esforzo das persoas involucradas e orienta todos os recursos estratégicos da organización durante o período de vixencia do Plan Estratégico.

Redactamos a visión en tempo verbal de presente para significar que ao final do ciclo estratégico, finais de ano de 2023, esta declaración describe a realidade da entidade nese momento.

**A Federación AUTISMO GALICIA acolle e representa ao colectivo do asociacionismo do TEA en Galicia sendo un referente na concienciación sobre o autismo, na prestación de servizos específicos e especializados e na incidencia social para a defensa e reivindicación dos dereitos das persoas con TEA e as súas familias.**

A continuación trasladamos parte da sensibilidade presente nas persoas involucradas á hora de concretar a formulación da visión do Plan estratégico 20-23.

**A Federación AUTISMO GALICIA acolle e representa ao colectivo do asociacionismo do TEA en Galicia**

- A FAG, entidade promovida por familiares e titoras de persoas con TEA, está aberta a recibir a contribución de todo tipo de organizacións de iniciativa social que comparten cos seus membros actuais a súa forma de entender a provisión de apoios e prestación de servizos, así como o valor do propósito asociativo, participativo e non lucrativo, no desenvolvemento organizativo.

**sendo un referente**

- O TEA non pertence á FAG, nin as súas entidades membro. A FAG enténdese como un referente máis, significativo e valioso pola súa contribución e traxectoria, complementario a outras instancias que lexitimamente achegan valor para o colectivo das persoas con TEA e as súas familias dende outras referencias.

**na concienciación sobre o autismo,**

- A FAG entende que, a pesar dos esforzos realizados e os avances acadados, o autismo non é suficientemente coñecido. Esta particular forma de procesar a información e situarse no mundo non é coñecida coa profundidade necesaria para procurar espazos sociais inclusivos para todas as persoas.

***na prestación de servizos específicos e especializados e***

- A maneira que entende a FAG como principal para responder ás necesidades das persoas con TEA e as súas familias é a través da prestación de servizos profesionalizados que sexan específicos e especializados para o colectivo, complementados con outras expresións de participación social.

***na incidencia social para a defensa e reivindicación dos dereitos das persoas con TEA e as súas familias.***

- A FAG quere trasladar con forza á cidadanía e as súas institucións que as persoas con TEA e as súas familias son cidadáns suxeitos de dereitos que achegan valor social e que presentan, como calquera outro colectivo social, unhas necesidades que deben ser atendidas.

## 03 COMO O IMOS LOGRAR?

O itinerario de despregamento do plan estratéxico se organiza concretando os ámbitos de traballo prioritarios, distinguindo os que a lograr e os como se fará.

No ANEXO 01 (Táboa de planificación) ofrecemos en toda a súa extensión este despregamento. Agora explicamos as distincións que cómpre manexar para interpretar o contido do plan estratéxico.

### **Sobre os que**

No ámbito dos que, os compoñentes principais son as liñas estratéxicas o os obxectivos estratéxicos.

#### **Liñas estratéxicas**

Son os “temas” que ocuparán o propósito estratéxico no seguinte período, isto é, os asuntos sobre os que se vai a traballar estrateticamente para alcanzar un posicionamento futuro diferente.

#### **Obxectivos estratéxicos**

Son os “que” que se identifican como os resultados esperados no seguinte período estratéxico, isto é, os obxectivos xerais que se pretenden alcanzar en cada unha das liñas estratéxicas para alcanzar o posicionamento futuro deseñado.

Os obxectivos estratéxicos concrétanse dunha forma máis definida grazas ás metas e indicadores.

- Metas: delimitan o alcance previsto, así como, respecto de cada obxectivo estratéxico.
- Indicadores: son os parámetros que permitirán medir o grao de logro dos obxectivos estratéxicos.

### **Sobre os como**

No ámbito dos como, o compoñente principal son as accións estratéxicas. Is son as liñas estratéxicas o os obxectivos estratéxicos.

#### **Accións estratéxicas**

- Describen as principais actividades que axudarán a alcanzar os resultados esperados.
- As accións estratéxicas describense dunha forma máis exhaustiva grazas a asignación de responsable, prazos e recursos específicos necesarios.
- Responsable: posto ou instancia organizativa que dará conta do desenvolvemento da acción estratéxica. O responsable pode ser a instancia encargada de desenvolver a acción estratéxico ou non. Neste último caso delégase noutras instancias a execución da acción, por non a responsabilidade de dar conta do seu desenvolvemento.
- Prazo: marco temporal no que se desenvolverá cada acción estratéxica.
- Recursos específicos: recursos económicos distintos do normal funcionamento da Federación e cómpre implementar para esperar o desenvolvemento da acción estratéxica. Se non hai unha dotación orzamentaria que acompañe a unha acción estratéxica que precise de recursos específicos, non se pode esperar o desenvolvemento da mesma.

As liñas estratéxica establecidas pola FAG para este período estratéxico son catro:

#### **LIÑA ESTRATÉXICA 01.**

***Ser o referente principal en Galicia da concienciación sobre o autismo.***

#### **LIÑA ESTRATÉXICA 02.**

***Defender e reivindicar os dereitos das persoas con TEA e as súas familias.***

#### **LIÑA ESTRATÉXICA 03.**

***Promocionar servizos específicos e especializados para persoas con TEA e as súas familias.***

#### **LIÑA ESTRATÉXICA 04.**

***Acoler e representar ao colectivo do asociacionismo do TEA en Galicia.***

## Líña estratéxica 01

### SER O REFERENTE PRINCIPAL EN GALICIA DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO.

Para o desenvolvemento desta liña estratéxica estableceronse 3 obxectivos estratéxicos.

#### **01 01 Xerar e difundir o discurso propio da FAG sobre temas de interese para o colectivo**

##### Metas

- 1) 1 documento anual de posicionamiento sobre un tema de interese para o colectivo aprobado pola XD.
- 2) 1 campaña anual de concienciación sobre un tema de interese para o colectivo (diferenciada do Día mundial de concienciación sobre o autismo)<sup>3</sup>.

##### Accións estratéxicas

- 1) Elaboración de documentos de posicionamiento da FAG sobre temas de interese para o colectivo.
- 2) Deseño, implementación e desenvolvemento de campañas de concienciación sobre temas específicos<sup>4</sup>.

#### **01 02 Potenciar os recursos do proceso de comunicación**

##### Metas

- 1) Documento de Estratexia para a concienciación sobre o autismo en Galicia.
- 2) Formalización da coordinación entre equipos de comunicación de entidades federadas e FAG.

##### Accións estratéxicas

- 1) Deseño, implementación e posta en marcha dunha estratexia para a concienciación sobre o autismo en Galicia.
- 2) Coordinación dos equipos de comunicación das entidades federadas e FAG.
- 3) Esta meta é a mesma que a do OE 01.03.
- 4) Esta acción estratéxica é a mesma que a do OE 01.03.

<sup>3</sup>Esta meta é a mesma que a do OE 01.03.

<sup>4</sup>Esta acción estratéxica é a misma que a do OE 01.03.

## 01 03 Desenvolver campañas de concienciación

### Metas

- 1) 1 campaña anual de concienciación sobre un tema de interese para o colectivo (diferenciada do Día mundial de concienciación sobre o autismo)<sup>5</sup>.
- 2) Incremento dun 25% anual dos impactos das campañas de concienciación sobre o autismo: Campaña anual de concienciación sobre un tema de interese para o colectivo e Campaña do Día mundial de concienciación sobre o autismo.

### Accións estratéxicas

- 1) Deseño, implementación e desenvolvemento de campañas anuais de concienciación sobre temas específicos<sup>6</sup>.
- 2) Incremento do alcance do Día mundial de concienciación sobre o autismo.
- 3) Esta meta é a mesma que a do OE 01.01
- 4) Esta acción estratéxica é a mesma que a do OE 01.01.

## Líga estratéxica 02

### DEFENDER E REIVINDICAR OS DEREITOS DAS PERSOAS CON TEA E AS SÚAS FAMILIAS.

Para o desenvolvemento desta liña estratéxica estableceronse 3 obxectivos estratéxicos.

## 02 01 Visibilizar as contribucións e necesidades das persoas con TEA e as súas familias

### Metas

- 1) 1 documento de posicionamento sobre as contribucións e necesidades das persoas con TEA e as súas familias aprobado pola XD.
- 2) Rexistrados datos estatísticos relevantes para o colectivo de TEA de Galicia ofrecidos pola Xunta de Galicia e entidades privadas.

### Accións estratéxicas

- 1) Identificación das contribucións e necesidades das persoas con TEA favorecendo o protagonismo das mesmas no proceso.
- 2) Incidencia nas institucións competentes para a obtención de datos relevantes sobre o colectivo dos TEA en Galicia.

<sup>5</sup>Esta meta é a mesma que a do OE 01.01

<sup>6</sup>Esta acción estratéxica é a mesma que a do OE 01.01.

## 02 02 Favorecer en todo o territorio o acceso ao Catálogo da FAG sobre servizos básicos específicos e especializados

### Metas

- 1) Documento de Catálogo da FAG sobre servizos básicos específicos e especializados para persoas con TEA aprobado pola XD.
- 2) Elaboración do mapa de implantación no territorio do Catálogo da FAG sobre servizos básicos específicos e especializados para persoas con TEA.
- 3) Documento de axenda política priorizada para a defensa e reivindicación do dereito de acceso das persoas con TEA e as súas familias ao Catálogo da FAG sobre Servizos básicos específicos e especializados para persoas con TEA.

### Accións estratéxicas

- 1) Deseño dun Catálogo da FAG sobre servizos básicos específicos e especializados para persoas con TEA.
- 2) Elaboración do mapa de implantación no territorio do Catálogo da FAG sobre servizos básicos específicos e especializados para persoas con TEA.
- 3) Elaboración dunha axenda política priorizada para a defensa e reivindicación do dereito de acceso das persoas con TEA e as súas familias ao Catálogo da FAG sobre servizos básicos específicos e especializados
- 4) Difusión de boas prácticas na provisión de servizos específicos e especializados.

## Líña estratéxica 03

### PROMOCIONAR SERVIZOS ESPECÍFICOS E ESPECIALIZADOS PARA PERSOAS CON TEA E AS SÚAS FAMILIAS.

Para o desenvolvemento desta liña estratéxica establecéronse 3 obxectivos estratéxicos.

## 03.01 Incrementar a disposición de recursos económicos para o desenvolvemento de servizos específicos e especializados

### Metas

- 1) Financiamento privado do 20% dos ingresos totais no ano 2023.
- 2) Financiamento por proxectos europeos do 5% dos ingresos totais no ano 23.
- 3) Financiamento por actividades económicas do 5% dos ingresos totais no ano 2023.
- 4) Incremento da captación de fondos para a prestación de servizos específicos e especializados prestados por entidades federadas.

#### Accións estratéxicas

- 1) Creación dunha área de captación de fondos.
- 2) Desenvolvemento de proxectos europeos.
- 3) Desenvolvemento dunha oferta formativa de calidade que achegue recursos económicos á FAG.
- 4) Incidencia política nas AAPP e entidades privadas para o incremento de fondos para a prestación de servizos específicos e especializados prestados por entidades federadas.

### **03.02 Contribuír á capacitación das profesionais implicadas na provisión de servizos específicos e especializados e outras profesionais con impacto na calidade de vida das persoas con TEA**

#### Metas

- 1) 350 profesionais da intervención formadas anualmente.
- 2) 30 profesionais da xestión de entidades e servizos específicos e especializados formadas anualmente.
- 3) 500 profesionais de sectores profesionais de interese para o colectivo do autismo sensibilizadas e formadas anualmente.

#### Accións estratéxicas

- 1) Oferta dunha proposta formativa prestixiosa para as persoas profesionais de intervención con persoas con TEA.
- 2) Oferta dunha proposta formativa efectiva para as persoas implicadas na dirección e xestión do asociacionismo en TEA.
- 3) Oferta dunha proposta formativa básica de interese para persoas profesionais con impacto na calidade de vida das persoas con TEA.
- 4) Desenvolvemento dun programa de “intercambio no posto”.

### **03.03 Desenvolver servizos complementarios aos que prestan as entidades federadas ás persoas con TEA e as súas familias**

#### Metas

- 1) 2 servizos desenvolvidos: Servizo de emprego e outro servizo acordado en Xunta Directiva.
- 2) Servizo de Accesibilidade Cognitiva creado e sostible.
- 3) Participación anual da FAG ao menos nun proxecto de investigación estatal ou internacional.

### Accións estratéxicas

- 1) Creación de servizos complementarios aos que prestan as entidades federadas ás persoas con TEA e as súas familias.
- 2) Creación dun servizo de Accesibilidade Cognitiva que opere no mercado.
- 3) Contribución ao desenvolvemento en Galicia de proxectos de investigación estatal ou internacional.

## Líña estratéxica 04

### ACOLLER E REPRESENTAR AO COLECTIVO DO ASOCIACIONISMO DO TEA EN GALICIA.

Para o desenvolvemento desta liña estratéxica estableceronse 3 obxectivos estratéxicos.

#### **04.01 Desenvolver vinculacións cos grupos de interese prioritarios**

##### Metas

- 1) Incremento do 10% de familias asociadas a entidades federadas na FAG no 2023.
- 2) 10 colaboracións establecidas con entidades de discapacidade para a promoción de servizos específicos e especializados no 2023

##### Accións estratéxicas

- 1) Desenvolvemento de reflexións e deseño de accións para o desenvolvemento da participación asociativa en TEA.
- 2) Colaboración con entidades de discapacidade para a promoción de servizos específicos e especializados.

#### **04.02 Fortalecer o asociacionismo do TEA en Galicia**

##### Metas

- 1) 10 colaboracións establecidas e documentadas entre entidades da FAG para o fortalecemento do asociacionismo en Galicia en 2023.
- 2) Colaboracións establecidas e documentadas entre entidades da FAG coa FAG.
- 3) 15 accións específicas da FAG de apoio ao asociacionismo do interior de Galicia.
- 4) 4 accións específicas de entidades da FAG para o apoio ao asociacionismo do interior de Galicia.

#### Accións estratéxicas

- 1) Apoio financeiro e técnico para o desenvolvemento de servizos específicos e especializados por parte de entidades ubicadas no territorio
- 2) Xeración de condicións favorables para que entidades con experiencia na prestación de servizos específicos e especializados operen no territorio
- 3) Incidencia política para aval técnico de servizos de entidades de nova creación

### **04.03 Mellorar e innovar os procesos principais da FAG**

#### Metas

- 1) O 85% das persoas e entidades federadas nos Grupos de traballo colaborativo amosa unha satisfacción = ou > a 4 nunha escala de 0 a 5.
- 2) Financiamento por proxectos europeos do 5% dos ingresos totais no ano 2023.
- 3) Financiamento por actividades económicas do 5% dos ingresos totais no ano 2023.

#### Accións estratéxicas

- 1) Apertura dos grupos de traballo a novos perfís colaborativos (persoas, institucións...).
- 2) Capacitación de persoal da FAG para o liderado dunha área de captación de fondos.
- 3) Contratación de consultoría de proxectos europeos.

## 05 QUE TEREMOS EN CONTA AO EXECUTAR O PLAN?

### Factores de risco

Un plan estratéxico é unha ferramenta de xestión estratéxica que orienta a toma de decisións no presente, tendo e conta a traxectoria pasada, e orientándose proactivamente ao desenvolvemento dun futuro desexado.

Neste esforzo de conxunción de miradas temporais, resulta evidente que o futuro ninguén o coñece. Aceptado isto, podemos prever que elementos internos ou externos á FAG poden influír dalguna forma no propósito de provocar a visión de futuro deseñada.

Solicítouselle ao Equipo Motor da reflexión estratéxica un exercicio de identificación dos factores internos (debilidades) e externas (ameazas) que entendían podían comprometer o despregamento do plan estratéxico.

A efectos de ilustrar esas circunstancias, y dándolle o alcance que poida merecer este ejercicio de proceso, reproducimos aquí o resultado deste esforzo co propósito de que as persoas con responsabilidade ou instancias involucradas no despregamento do plan estratéxico teñan máis accesible esta reflexión.

#### Internos (Debilidades)

- 1) Falta de consenso en posicionamentos básicos entre as instancias involucradas na Federación.
- 2) Desconfianza de entidades membro por solapamento de estratexias.
- 3) Enfrontamento entre entidades federadas.
- 4) Competencia nos recursos: prazas...
- 5) Factores de competencia para o liderado ou captación de fondos.
- 6) Falta de implicación das instancias federativas involucradas nos procesos de toma de decisión.
- 7) Falta de colaboración coas propostas ou dinámicas de traballo convxuntas que propoña a Federación.
- 8) Que a rutina diaria impida implementar o cambio que supón o Plan estratéxico.
- 9) Dificultade de emprender cousas novas con novos interlocutores (capacidade para atopar espazos de traballo compartidos, dificultades para o desenvolvemento de procesos de participación...).
- 10) Limitación de recursos para facer o que nos propoñemos: técnicos, humanos, económicos...
- 11) Capacidad para a creación de novos servizos desde a FAG.
- 12) Que as medidas do Plan estratéxico non estean suficientemente concretadas.

#### Externos (Ameazas)

- 1) Políticas sociais que dificulten o desenvolvemento de estratexias.
- 2) Falta de financiamento (caída de financiadores habituais).

## Seguimento e avaliaciyn

O plan estratéxico contempla os seguintes elementos para o seu seguimento e avaliación.

### Seguimento

- Informes de seguimento anuais, vinculados á avaliación do Plan de acción anual do ano anterior: 2020, 2021, 2022 e 2023.
- En 2023, Informe de seguimento do período estratéxico (2019-2023), como input imprescindible para unha avaliación final do Plan estratéxico.

### Avaliación

Soamente contémplase unha avaliación final do Plan estratéxico, a elaborar no último cuadrimestre do ano 2023.

### SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval, 74

### CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35  
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

[Info@autismogalicia.org](mailto:Info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)